

## **INFORMACIÓN SOBRE OS EXAMES DO CENTRO DE LINGUAS ANTE A SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA COVID-19**

Ante a situación excepcional de emerxencia sanitaria na que nos atopamos, e pola cal se están decretado sucesivas ampliacións do estado de alarma que imposibilitan a realización de exames presenciais no curto prazo, no Centro de Linguas estudamos unha alternativa que poida darlle resposta ás necesidades de certificación de idiomas do noso estudiantado.

A dita alternativa segue as recomendacións establecidas pola Universidade de Vigo en materia de avaliación e realización de exames; e así mesmo está en consonancia coas orientacións nas que está traballando a Comisión de Internacionalización da CRUE respecto da certificación e acreditación de idiomas. Todas as actuacións que se adoptan neste ámbito son de carácter puntual, derivadas dunha situación excepcional, e cuxo obxectivo é que o estudiantado non poida verse prexudicado neste contexto.

### **Exames finais de maio 2020:**

- 1. Substitución de exames presenciais por exames telemáticos**
- 2. Cancelación dos exames CertAcles de inglés B1, B2 e C1, e substitución por exames con certificación propia do CdL**

Neste momento non existe a posibilidade de realizar os exames CertAcles de forma presencial nin telemática, e non dispoñemos de información certa que permita aprazar esta convocatoria e ofrecer outras datas de exame. Por esta razón vémonos na obriga de cancelar os exames CertAcles.

Todos os exames da convocatoria de maio do CdL serán exames con certificación propia do CdL.

O CdL facilitará que o alumnado dos cursos actuais que non pode realizar o exame CertAcles poda facelo na próxima convocatoria se así o solicita.

- 3. Mantemento das datas de exames**
  - ✓ As datas dos exames serán as previamente establecidas e publicadas no pasado mes de decembro.
  - ✓ Os horarios dos exames de inglés serán tamén os mesmos.
  - ✓ Os horarios dos exames de español e outros idiomas que non estaban fixados serán comunicados ao alumnado, pero sempre na data prevista.

#### **4. Quen pode presentarse aos exames de maio do CdL?**

- ✓ Todo o alumnado que está cursando algún idioma en cursos con dereito a exame.
- ✓ Os membros da comunidade universitaria da Uvigo que se matricularon na convocatoria de exames libres CertAcles de maio, sempre que queiran facelo e o precisen para cuestións académicas ou outras.

#### **5. Recoñecemento de certificacións propias do CdL**

A Universidade de Vigo recoñece os certificados propios do CdL a todos os efectos.

Respecto ao recoñecemento dos certificados propios do CdL por parte doutras universidades ou entidades, son sempre as entidades receptoras quen deciden a relación de certificados que aceptan. Neste enlace pode consultarse a táboa que está aprobada pola CRUE e ACLES (Asociación de Centros de Linguas da Ensinanza Superior) <http://www.acreditacion.crue.org/>. Calquera información relevante respecto desta cuestión será publicada na nosa paxina web.

#### **6. Sobre a metodoloxía e especificacións dos exames telemáticos.**

O estudiantado recibirá a información e instrucións precisas por correo electrónico.